



# CONCELLO DE PONTEVEDRA

## BANDO DE MOBILIDADE

**MIGUEL A. FERNÁNDEZ LORES**  
Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra

### FAI SABER

Na nosa cidade, ao igual que en moitas outras cidades europeas, estase a desenvolver un proceso destinado a acadar espazos máis humanos e habitables, tanto nos seus centros coma nos barrios; espazos nos que os cidadáns, na súa condición de viandantes ou peóns, adquiren protagonismo e nos que o encontro, a convivencia, o ocio, a compra ou a xestión se realicen en medios urbanos accesibles en contornos de calidade ambiental.

O incremento dos desprazamentos en vehículos motorizados, común a todo tipo de cidades tanto pequenas, coma medianas ou grandes, provoca incomodidades e conflitos ambientais e sociais e dá lugar a problemas de congestión, perda de tempo, ruído, dependencia social, incremento das enfermidades respiratorias, dificultades para a accesibilidade, accidentalidade etc. En definitiva tales circunstancias rematan por producir unha ineficacia funcional das cidades e a perda da calidade de vida urbana, inxustificable no caso da nosa vila.

Desde o Concello, este equipo de Goberno ven desenvolvendo políticas e adoptando iniciativas destinadas a priorizar o tránsito das persoas en detrimento da saturación automobilística e restrinxir o tráfico aos residentes e servizos públicos, para fomentar a convivencia a escala humana e facer unha cidade cómoda, -non só para o ocio e o lecer, senón tamén para o negocio e para facilitar o acceso aos comercios e centros de traballo-, tales como a declaración do centro histórico como zona de absoluta preferencia peonil ou o desenvolvemento das obras previstas no plano de mobilidade peonil.

Por outra banda, dende a entrada en vigor do PXOU alá polo ano 1990, producéronse e séguense a producir, se cadra con maior intensidade, numerosos cambios na ordenación do tráfico motivados pola construción e posta en funcionamento de novos viais (anel de Eiríña, hoxe José Malvar e 12 de Novembro, Juan Carlos I, Uxío Novoneira, Germán Adrio etc. etc.), intervencións en viario dependente de outras administracións e o propio proceso de desenvolvemento urbanístico e crecemento da cidade.

Os múltiples cambios na circulación rodada operados na última década afectaron nalgúns casos, xa de xeito provisional, circunstancial ou permanente, ás determinacións referentes ás vías primarias definidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, modificacións continuas e lóxicas polo carácter dinámico e cambiante dos criterios de ordenación estática e dinámica do tráfico e circulación rodada, fronte ás previsións do planeamento urbanístico que teñen, polo seu propio carácter, un maior referente temporal, prevendo o propio planeamento municipal a posibilidade de que polos órganos xestores de tráfico, no exercicio das súas atribucións, poidan altera-lo réxime e categorización do viario primario ou distribuidores de distrito, cando concorran razóns xustificadas, tales son o propio desenvolvemento urbanístico, expansión da cidade e apertura de novos viais, así como a búsqueda dun equilibrio e funcionalidade nos criterios de ordenación do tráfico, deseño do espazo urbano e organización social da cidade, sempre respectando as asignacións de usos do solo e parámetros urbanísticos básicos do planeamento que definen a estrutura xeral e orgánica do territorio.

A teor do artigo 25.2.b da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, e do artigo 7.b) do Real Decreto Lexislativo 339/1990 que aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, que atribúe, o primeiro, como competencia municipal a ordenación do tráfico nas vías urbanas, e, o segundo, a regulamentación, mediante Ordenanza dos usos das vías urbanas, e tentando facer compatible a equitativa distribución dos usos dos espazos viarios fundamentalmente tráfico, estacionamento e uso peonil, cumpre ter en conta a vixente Ordenanza Municipal de Circulación de 04.10.89 (B.O.P. N° 302 de 20.12.89), que nos seus artigos 67, 73 e 74 autoriza á Alcaldía para ordenar as limitacións que sobre o particular se estimen convenientes, establecer carns reservados para determinadas categorías de vehículos así como para ordena-lo peche da circulación rodada, parcial ou total, con carácter provisional e definitiva, daquelas vías públicas que se estimen oportunas, engadindo ao anterior o atribución da Alcaldía a potestade de dirixir a policía urbana de circulación publicando ao efecto bandos, ordes ou circulares, debendo publicarse no B.O.P., prensa local e taboleiro de anuncios con ofrecemento do réxime de recursos cando poidan afectar ou limitar os dereitos dos cidadáns agás os cambios operados por supostos cuxunturais, circunstanciais ou de emerxencia,

Xa que logo, esta Alcaldía e para o pleno coñecemento da cidadanía e en garantía dos dereitos que poidan resultar afectados,

### DISPÓN

1º- Aprobado o sentido da circulación viaria, as zonas de tránsito restrinxido e as zonas de preferencia peonil que figuran no PLANO DE MOBILIDADE que se incorpora ao presente Bando e cal recolle a situación actual do viario, resultado das múltiples modificacións efectuadas na última década, e, así mesmo, prestar aprobación, como órgano municipal de xestión competente e ao abeiro do establecido no artigo 193.3 d) da Normativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana, ao plano confeccionado pola Oficina Técnica do viario PXOU.

2º- Modificar o Bando dictado o 7 de agosto do 1999 dentro da campaña de peonalización do Centro Histórico, ampliando a prohibición de estacionar a comerciantes, profesionais e residentes á Praza de Curros Enríquez, anteriormente permitida, dispoñendo expresamente que os vehículos con tarxeta de minusválido poderán circular e estacionar nas rúas e prazas permitidas nas mesmas condicións que os residentes, comerciantes ou profesionais.

3º- Ordenar a publicación do presente Bando no Boletín Oficial da Provincia e nos medios de comunicación local quedando a disposición dos cidadáns o PLANO DE MOBILIDADE e PLANO O-5 (MODIFICADO), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, Servizo de Urbanismo Medio Ambiente e Patrimonio Histórico (Fomento) e dependencias da Policía Local.

#### RECURSOS PROCEDENTES:


O precedente acto administrativo esgota a vía administrativa e contra a presente disposición de carácter xeral, pode interpoñerse directamente, por quen se consideren lexitimados, recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do presente Bando no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao establecido nos artigos 10-1-6), e 46-1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente conforme a Dereito, significándose que o art. 107-3 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, de modificación da anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Dado en Pontevedra, 24 de xullo de 2002.

Plano  
**2002**  
Calidade Urbana

Un Concello para disfrutar...  
coa colaboración de TODOS!



▬▬▬ DISTRIBUIDOR PRINCIPAL

▬▬▬ AUTOPISTA

▬ DISTRIBUIDOR DE DISTRITO

▬ DISTRIBUIDOR LOCAL

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

MODELO DA REDE VIARIA

MODIFICADO

O ENXERREIRO XEFE DA O.T.M.A.E.I.

DATA  
XULLO 2002

ESCALA  
S/E



O-5